


## CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na casa)

8-9 de maio do 2021

### VI DOMINGO DO TEMPO DE PASCUA



NON MÁIS  
VIOLENCIA  
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA  
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

### SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *A Cristo cantamos*

#### *Celebrante*

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos para celebrar a sexta semana da Pascua en familia. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

A lectura de hoxe dos Feitos dos Apóstolos móstranos un bo exemplo de igualdade; pero nós seguimos sendo moi dados a facer diferenzas, somos moi dados a rexeitar a quen non é dos nosos.

Abramos os ollos e o entendemento a prol da dignidade que todas as persoas nos merecemos. Non importa se home ou muller, se crente ou ateo, se de aquí ou de alá, se branco ou negro, se rico ou pobre. Todos compartimos unha mesma PASCUA, un mesmo PAN. E este é hoxe o noso tema da celebración PASCUA NO PAN.

Ao longo destes días da Pascua Xesús foínos amosando o seu xeito de sentir e facer, e agora facemos nosos eses seus consellos. Sementar paz, non calar á violencia, deixarnos levar da man do Bo Pastor, respectarnos nas diferenzas, e amar, sobre todo amarnos uns a outros coma irmáns é vivir o aprendido de Xesús.

(pode acenderse a veliña da Pascua)

🎵 *A Cristo cantamos na luz*

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Neste tempo de Pascua, coa Luz de Xesús Resucitado, non esquezamos a súa presenza no medio de nós e deixemos que nos alimente co seu PAN de VIDA*

🎵 **A Cristo cantamos na luz**

Señor Xesús, ti que es o noso PAN,  
ti, que es o que nos alimentas e nos dás vida,  
aléntanos na responsabilidade  
á hora de sermos homes e mulleres cribles,  
que manteñamos a esperanza cada día,  
sentindo que o PAN COMPARTIDO que Ti nos dás  
convértese en alimento de vida eterna.

🎵 **A Cristo cantamos na luz**

**Celebrante:** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que non teñen nin mesa nin pan e están necesitados de fartar a fame, a todos nos conceda o seu perdón e nos leve a participar do banquete da vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Esta oración xunta as nosas intencións para pedirlle ao Pai que nos axude a cumprir cos nosos compromisos adquiridos con Xesús de amarnos uns a outros coma irmáns, como El nos amou. (silenzo)*

**Celebrante:**

Deus de misericordia, e cheo de amor, axúdanos a seguir celebrando dun xeito responsable estes días de alegría en honor a Xesús, o Resucitado.

Que practiquemos nos feitos o que celebramos na fe. Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, que Resucitado vive e reina contigo, na unidade do Espírito Santo, e é Deus por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) A palabra de Deus proclamada é para nós

**Monitor/a:**

*A lectura do libro dos feitos vale a pena escoitala con atención porque nos amosa que a credibilidade dos cristiáns vai da man da igualdade e dignidade que todas as persoas temos. É unha palabra necesaria para o noso mundo de hoxe.*

*Xesús, no evanxeo, é crible por todo o que foi capaz de amar. Nós, ao seu xeito, tamén seremos cribles.*

## LECTURA DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Cando Pedro ía entrar, foi Cornelio á porta e botádoselle aos pés, prostrouse. Pero Pedro levantouno, dicíndolle:

Érguete, que eu tamén son un home.

Abofé, vexo que Deus non fai distinción de persoas, senón que acepta ao que lle é fiel e practica a xustiza, sexa da nación que sexa.

Aínda Pedro estaba a dicir estas cousas, cando o Espírito Santo veu sobre todos os que escoitaban a palabra. Todos os crentes da circuncisión, que viñeran con Pedro, ficaron cheos de asombro, ao veren que o don de Espírito Santo tamén se espallaba sobre os pagáns, pois sentíanos falar en linguas e louvar a Deus.

Entón Pedro dixo:

Pode alguén negarlle a auga do bautismo aos que recibiron o Espírito Santo o mesmo ca nós?

E mandou que os bautizasen no nome de Xesús Cristo. Entón pedíronlle que quedase con eles algúns días.

### Palabra do Señor

♪ 43 *Quen nos vai separar de ti* SALMO

## PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela díxolles Xesús aos seus discípulos:

- Coma me amou o Pai, así vos amei eu: permanecedes no meu amor. Se gardades os meus mandamentos, permaneceredes no meu amor, coma eu gardei os mandamentos de meu Pai, e permanezo no seu amor. Díxenvos estas cousas, para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena.

Este é o meu mandamento: que vos amedes uns a outros coma eu vos amei. Ninguén ten amor meirande ca este: que un dea a súa vida polos amigos. Vós sodes amigos meus, se facedes canto eu vos mando. Xa non vos chamo servos, que o servo non sabe o que fai o seu señor: a vós trateivos de amigos, pois todo o que lle oín a meu Pai déivolo a coñecer. Non me escollestes vós a min, senón que vos escollín eu a vós; e púxenvos para que vaiades e levedes froito e o voso froito permaneza; de xeito que todo o que lle pidades ao Pai no meu nome, volo conceda. Mándovos isto: que vos amedes uns a outros.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón

"AMÁDEVOS COMA IRMÁNS"

Nestas semanas de pascua estamos convidados a afondar nos grandes signos da fe pascual. Cada semana estamos a ter ocasión de deixarnos encher da vida na:



1 Pascua de lume e calor

2 Pascua de lume e luz

3 Pascua de Palabra crible

4 Pascua de auga viva

5 Pascua de Pan

6 Pascua de Comunidade

7 Pascua que nos enche do Espírito do Resucitado

## No taboleiro da PASCUA

### Celebrante


Hoxe o signo é PASCUA NO PAN, no compartir.

O pan ten detrás un esforzo moito maior que o compralo na panadería. Para chegar ao pan hai que pasar pola terra, hai que sementar o gran, hai que colleitalo, hai que xuntalo na artesa gran a gran, hai que moelo, hai que amasalo, hai que cocelo.

Que recordamos de todo isto?.

Compartir o PAN de Xesús esixe de nós responsabilidade: as nosas palabras teñen que ir acompañadas de feitos, senón non nos cre ninguén. Os cristiáns fomos e somos cribles cada vez que nos atrevemos a compartir.

Que recordos temos de compartir?.





# PASCUA no PAN

## Signo de Compartir

O pan sabe a terra  
traballada,  
sabe a  
vida de  
esforzo.

Pan da Vida

Cada vez  
que se comparte o Pan,  
compártese a vida  
e faise presente Xesús  
na MESA PASCUAL.

Na miña casa  
aprendéronme que  
si eu teño un pan  
e ti non tes nada,  
ambos temos  
medio pan.



Hoxe en día nos campos  
de refuxiados hai persoas  
que día a día comparten  
o seu pan e se entregan,  
dándonos un exemplo para  
que na medida das nosas  
posibilidades, fagamos o  
mesmo no noso entorno  
coas persoas que sofren.



O Pan non é só pan, é froito de moito  
traballo: sementar, recoller, amasar e cocer.

O pan das nosas mesas  
é froito das mans dos nosos pais e nais.



Xesús, na oración do Noso Pai, ensínanos a pedir  
o pan que necesitamos para vivir. Tanto para nós  
como para os demais, tanto para o noso corpo como  
para o noso espírito.



(en pé) **PROCLAMAMOS A NOSA FE**  
**Celebrante** Neste tempo da Pascua, compartindo a  
mesa do noso fogar, antes de proclamar o credo,  
renovamos os nosos compromisos na loita contra o  
mal

○ **Estades dispostos** a loitar contra o mal que nos fai  
infelices e nos pecha no egoísmo?

**Si, estamos dispostos**

○ **Estades dispostos** a loitar contra o que nos aparta  
de Deus e fíre aos irmáns e á terra?

**Si, estamos dispostos**

○ **Estades dispostos** a loitar para que no corazón non  
aniñe a cobiza, a insolidariedade e a envexa?

**Si, estamos dispostos**

**Celebrante** Deixándonos quecer á beira do lume da fe,  
renovamos agora o noso credo: o da esperanza, o  
da Palabra, o do PAN VIVO de Cristo Resucitado.

**Monitor/a**

**Credes en Deus**, Pai e Nai de todos os homes e mulleres,  
que nos agarima e nos dá folgos co seu corazón cheo de  
vida e tenrura para todos?

**SI, CREEMOS**

**Credes en Xesús Cristo**, o seu fillo benquerido, sempre  
disposto a facer ben, acollendo e dando unha man para  
COIDAR e mellorar a vida de cada muller e cada home?

**SI, CREEMOS**

Credes no Espírito de Deus, que nos alenta esperanza para soñar con outro mundo mellor COIDADADO e que nos alenta forza para estar á beira de quen se sente inxustamente tratado?

**SI, CREEMOS**

Credes na Igrexa, unha Igrexa que se fai crible en cada fogar, dando unha man para facer do mundo e da natureza casa común na que todos os homes e mulleres merecen dignidade e respecto?

**SI, CREEMOS**

### ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *En comunidade, coma irmáns, sentindo vivo en Xesús o Evanxeo, dirixímoslle a El as nosas voces coas que queremos facernos cribles; dicimos*

**Señor da vida, escoita a nosa oración**

**Monitor/a**

✓ Lembramos Señor, a todas as persoas que non sinten tratada con dignidade a súa vida, e sofren racismo, desigualdade, intolerancia. Oremos

✓ Lembramos Señor, a todas as persoas que se esforzan por compartir, porque necesitamos dos seus exemplos neste mundo tantas veces fartureto en egoísmos. Oremos

✓ Lembramos Señor, a todas as persoas que pasan fame, que non teñen nin mesa nin pan, e malviven coas migallas dun mundo mal repartido. Oremos

✓ Lembramos Señor, a todas as persoas que dan vida a esta nosa terra traballando no campo, que sempre sexan recoñecidos e valorados os seus traballos. Oremos

✓ Lembrámonos tamén de todos nós, para que nos sintamos orgullosos da nosa fala, da nosa cultura, do noso ser de Galiza, oremos

✓ Finalmente lembramos a todas as persoas que o están pasando mal por culpa da COVID-19 aquí, na India ou onde sexa. Oremos

**Celebrante** *Señor Xesús, Ti es o noso PAN DE VIDA. Que saibamos escoitar a túa Palabra e recoñecerte na igrexa do fogar, que fai crible a luz do Evanxeo. Pedímoscho a Ti que vives e reinas Resucitado por sempre eternamente, amén.*

### 3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

#### NOSO PAI

**Celebrante:**

*Xesús, na oración do Noso Pai, ensínanos a pedir o PAN. Tanto para nós como para os demais, tanto para o noso corpo como para o noso espírito.*

*Recemos pois como Xesús nos ensinou, sabendo tamén que é a oración na que nos proclamamos fillos e fillas do Pai, e polo tanto irmáns entre nós. Ao xeito de Xesús recemos NOSO PAI ...*

## SIGNO DA PAZ

### **Celebrante:**

*PAZ CONVOSCO é o saúdo do Resucitado. Hoxe o signo da paz neste momento quere mostrar que todos nós somos irmáns amándonos uns aos outros ao xeito de Xesús. Aínda que non poidamos mostralo cun bico ou unha aperta, por responsabilidade, que o noso corazón transmita esa irmandade desexándonos o mellor uns a outros.*

## NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

**Celebrante:** *Da man dos Apóstolos botaba a andar a primeira comunidade dando testemuño da Resurrección. Facíanlo dende a igualdade e co trato digno que se merecían todas as persoas.*

*Nós, que formamos parte desa comunidade, queremos tamén ser PAN COMPARTIDO no noso fogar facendo crible o mandamento de Xesús de amarnos uns a outros coma irmáns.*

*Ditosos nós que hoxe somos convidados a faltar en Cristo a nosa fame de PAN.*

**CANTO** 🎵 *No colo da miña nai*

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

#### **Celebrante:**

Señor, que a mesa e o PAN que temos compartido na vida do noso fogar, nos alente e nos enforteza no esforzo por guiar os nosos pasos polos vieiros do teu reino, dando froitos dabondo para os demais, e tendo sempre un fondo agradecemento a todas as persoas que nos tratan coma irmáns e irmás. Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

*Pola RESURRECCIÓN de Cristo Deus salvounos e concedeunos o don de sermos fillos seus. Que El nos alegre coa súa bendición. Amén*

*Mediante Cristo Deus fíxonos partícipes da súa VIDA. Que El nos conceda tamén termos parte na vida eterna. Amén*

*Pola fe do bautismo resucitamos con Cristo. Que polo camiño dunha vida crible nos feitos merezamos chegar ao REINO do ceo. Amén*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*






**Bendito ti, Xesús resucitado  
coas feridas da lanza e mais os cravos.  
Bendito para sempre ti es loado,  
bendito ti, Xesús resucitado.**

- 1.- Bendito no aire fresco da mañá  
e no cantar do paxaro ao espertar.  
Bendito na auga fresca e rebuldeira  
que dá vida aos prados e ás leiras.
- 2.- Bendito sexas na terra que agradece  
o duro traballar coa súa anada,  
bendito na esperanza que se esforza  
por chegar a outra terra mellorada.

*(Esta cantiga é a número 84  
do noso cancionero de Os Cotos)*

# *ALELUIA !! “CRISTO ESTÁ RESUCITADO”*

**UNIDADE PASTORAL D'OS COTOS**



**FELICES FESTAS DA PASCUA**